



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Expte: 2025/G007/000009

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día dezasete de marzo de dous mil vinte e cinco, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 113 de data 14 de marzo/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 11.03.2025 (ORDINARIA).-

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 11.03.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO EN LA ASOCIACIÓN SIN ÁNIMO DE LUCRO E INTERÉS SOCIAL Y COMUNITARIO: VALDORENOVA, CON EL OBJETIVO DE CREAR UNA COMUNIDAD ENERGÉTICA LOCAL DE ENERGÍAS RENOVABLES EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE VALDOVIÑO.-

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO EN LA ASOCIACIÓN SIN ÁNIMO DE LUCRO E INTERÉS SOCIAL Y COMUNITARIO: VALDORENOVA, CON EL OBJETIVO DE CREAR UNA COMUNIDAD ENERGÉTICA LOCAL DE ENERGÍAS RENOVABLES EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE VALDOVIÑO.

A ASOCIACIÓN VALDORENOVA considera necesaria a incorporación do Concello de Valdoviño ao proxecto. Esta necesidade deriva de que é un proxecto de transformación no municipio, e que pretende cambiar o modelo actual de xeración e consumo, incorporando a produción de enerxía para o seu consumo local e a participación do Concello de Valdoviño, faise imprescindible á hora de contar con localizacións para situar as plantas de produción para poder xerar a maior cantidade de enerxía necesaria para poder ter a maior independencia da enerxía fornecida desde a rede xeral posible.

Doutra banda, ten todo o sentido a adhesión do Concello de Valdoviño xa que tratándose dun proxecto e un concepto que cambiará unha vez desenvolvido e durante o proceso de creación do mesmo, que vai transformar a comunidade, e que supón unha aposta pola transición enerxética, cambiando o modelo tanto de xeración como de gobernanza, e na que os consumidores van ter un papel protagonista, estando a cidadanía, as empresas no centro, e que os beneficios sexan para os asociados. Eses beneficios teñen que ser compartidos e beneficiar á administración local, e que repercuta ao resto do Concello, as vantaxes, aforros, e beneficios medioambientais que se deriven.

Polo exposto, solicitamos a adhesión do Concello, polos fins e medios nos que se vai a desenvolver a ASOCIACIÓN VALDORENOVA. Esta é unha asociación sen ánimo de lucro, e que ten como os seus fins a mellora do medio ambiente, o impacto social positivo na súa contorna, contribuír a paliar a pobreza enerxética, e o equilibrio económico e financeiro da mesma. Do mesmo xeito que o propio Concello de Valdoviño, os seus fins principais non son económicos, senón o beneficio para o ben común do propio Concello.

A figura da comunidade enerxética busca fomentar a participación cidadá no abandono dos combustibles fósiles e a transición cara as enerxías renovables. De acordo coa normativa europea da que proveñen, as comunidades enerxéticas permiten que os cidadáns produzan, consuman, almacenen, compartan e vendan enerxía renovable colectivamente. A súa finalidade principal é proporcionar beneficios ambientais, económicos e sociais aos seus membros e á contorna no que desenvolve a súa actividade, máis que obter unha rendibilidade financeira.

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a participación do Concello de Valdoviño na “ASOCIACIÓN SIN ÁNIMO DE LUCRO E INTERÉS SOCIAL Y COMUNITARIO: VALDORENOVA”.

Segundo.- Facultar á Alcaldía para a realización dos actos de trámite en relación con este expediente.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X998/000004).

3º.-EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Licenza de edificación.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.

Expte: 280/2024 Tedec 2024/U026/000269

.- Expte. de obras 280/2024. [REDACTED] e [REDACTED] solicitan licenza para as obras de substitución de cuberta a vivenda unifamiliar catalogada nunha parcela situada na Avenida Porta do Sol, nº 3, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº 9589101NJ6298N0001WM).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto básico e de execución de substitución de cuberta en vivenda unifamiliar illada “Casa de Joselito” redactado polo arquitecto Ramón Montero Cereijo, colexiado núm. 3.759 no COAG e visado o día 18.09.2024, achegado xunto coa solicitude.
- Nomeamento de técnico director asinado polo mesmo arquitecto.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO URBANO: FINCA CATALOGADA, estando a edificación incluída no catálogo de bens protexidos, coa denominación de Casa de Joselito.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto técnico municipal con data 11/03/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] licenza para a **as obras de substitución de cuberta a vivenda unifamiliar catalogada** nunha parcela situada na **Avenida Porta do Sol, nº 3, parroquia de Valdoviño (referencia catastral nº 9589101NJ6298N0001WM).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ramón Montero Cereijo, ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto técnico municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 11 de marzo de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 306 € ICIO.- 795,60 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras. **O inicio das mesmas non poderá exceder de 6 meses e o remate de 1 ano.**

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U026/000269).

4º.- APROBAR A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN A ENTIDADES LOCAIS PARA O EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI (PROCEDEMENTO CT211B).-

“Vista a ORDE do 24 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT211B)

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para solicitar subvención para os equipamentos e/ou melloras que se pretenden executar e se aceptan as condicións e requisitos establecidos na orde, así como o compromiso de financiar o importe do proxecto que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 14 de marzo de 2025.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/A003/000018).

5º.- APROBAR A PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DE USO DA LINGUA (PROCEDEMENTO PL400A).-

“Vista a ORDE do 14 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PL400A).

PROPONSE:

Participar en dita convocatoria para programar actividades na modalidade de axuda de “desenvolvemento de accións e programas de dinamización lingüística por unha entidade local carente de servizo lingüístico”. Consistirá nun programa para incentivar o prestixio e uso da lingua galega asociada ao tecido económico empresarial, mocidade , neofalantes, á creación cultural e produtiva e á adquisición e fomento do galego como lingua social nas familias da contorna (trasmisión xeracional da lingua) e acéptanse as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 14 de marzo de 2025.

O alcalde: Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/A003/000019).

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/